

## REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA

Acta do 12 de abril do 2012

### Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

López Domínguez, Javier (CCOO)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Romero Beade, Manuel (USO)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

### Non asisten:

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

### Orde do día:

**Punto 1:** Lectura e aprobación se procede das actas das reunións anteriores.

**Punto 2:** Análise do proxecto de funcionarización.

**Punto 3:** Situación na Normal.

**Punto 4:** Rogos e preguntas.

Comezo da reunión ás 10 horas.

#### **Punto 1:**

Posponse para a vindeira reunión.

#### **Punto 2:**

Acórdase que o marco de negociación vai a ser o documento de traballo “Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña” do ano 2008, e como criterio esencial, non saír mermado nos dereitos salariais e laborais dos traballadores.

Acórdase solicitar unha reunión coa Xerencia para abordar os temas da RPT e funcionarización, establecemento de comisións e calendarios para ámbalas dúas.

**Punto 3:**

Solicitar á Xerencia información sobre as persoas que traballan con contratos externalizados no edificio da “Normal”, tanto das súas funcións como dos seus honorarios.

**Punto 4:**

Acórdase elaborar e acordar un escrito en reclamación da exclusión de diversas solicitudes formuladas polo persoal laboral para a colaboración na proba das PAU, por non ser “persoal administrativo”, xa que se entende que o persoal administrativo non existe como tal, e na convocatoria aparece como condición ser “persoal funcionario e persoal laboral fixo” para poder acceder á citada colaboración.

Acórdase volver a reunirse o venres día 20 de abril, ás 10 horas.

Sen máis incidencias remata a reunión ás 13.15 horas.

O Secretario

Vº e prace do Presidente